



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

Peirao de Vilaxoán, s/n
36611 Vilagarcía (Pontevedra)
Telf.: 986 51 23 20 / 22
www.intecmar.gal



INFORME

Litoral de Galicia

Unidade de organoclorados

Decembro 2017



1. OBXECTO

Este informe realízase a partir da petición feita pola Dirección do INTECMAR co obxecto de coñecer o estado das zonas de produción no litoral galego no relativo os compostos organoclorados.

2. PROGRAMA DE CONTROL

2.1. Lexislación aplicable

O control das substancias organohaloxenadas para garantir a calidade exixida ás augas destinadas á cría de molusco realízase na Unidade de Organoclorados do INTECMAR, Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, (antigo Centro de Control do Medio Mariño) desde o ano 1995. Só algún destes compostos están regulados a nivel alimentario polo regulamento (UE) nº 1259/2011 da Comisión que establece os límites legais para o sumatorio de 6 conxéneres dos PCBs indicadores en produtos da pesca e os seus derivados. A nivel de calidade de augas, a directiva 2013/39/UE establece unhas Normas de Calidade Ambiental (NCA) en biota (bioindicador da calidade da auga) en canto ás substancias prioritarias no ámbito da política de augas. Dentro destas substancias hai 3 pesticidas organoclorados controlados no noso litotal polo INTECMAR (HCB, heptaclor e heptaclorepóxido).

O laboratorio está acreditado pola Entidade Nacional Acreditadora ENAC segundo a Norma UNE-EN ISO/IEC 17025 (Acreditación nº 160/LE394).

2.2. Mostras e frecuencia de mostraxe

A rede do programa de control dos compostos organohaloxenados da Unidade de Organoclorados do INTECMAR, está constituída por 39 puntos de mexillón de rocha (estacións costeiras) e por 26 puntos de mexillón de batea (puntos fixos secundarios) situados ó longo do litoral.

A frecuencia mínima da mostraxe e medición é semestral. Nos puntos máis limpos do litoral esta frecuencia pode baixar a anual.

2.3. Valores Límite



O Regulamento (UE) N° 1259/2011 da Comisión do 2 de decembro de 2011 polo que se modifica o Regulamento (CE) N° 1881/2006 no relativo ós contidos máximos de dioxinas, PCB similares ás dioxinas e PCB non similares ás dioxinas nos produtos alimenticios, establece un valor límite para a suma de 6 conxéneres de PCBs (Σ PCBs ICES-6=CBs 28, 52, 101, 153, 138 y 180) na carne de peixe e produtos da pesca e produtos derivados (entre os que se atopan os moluscos bivalvos) de 75 ng/g (μ g/Kg) en peso fresco.

Na directiva 2013/ 39/UE do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de agosto de 2013 establécense unhas Normas de Calidade Ambiental (NCA) en biota, para HCB (10 μ g/Kg peso fresco), heptaclor e heptacloeróxido ($6.7 \cdot 10^{-3}$ μ g/Kg peso fresco).

3. METODOLOXÍA (segundo PNT-CO-01-T, PNT-CO-02-T, PNT-CO-03-T e PNT-CO-04-T, procedementos internos de traballo da Unidade de Organoclorados)

Os compostos PCBs (policlorobifenilos) analizados son: CBs 31, 28, 52, 101, 118, 138, 153, 105, 156 e 180; os pesticidas organoclorados analizados son: α e γ -HCH, HCB, dieldrín, aldrín, isodrín, transnonaclor, endrín, heptaclor, heptaclorepóxido, pp'-DDE, pp'-DDD, op'-DDT e pp'-DDT. A determinación realízase mediante a cromatografía de gases con detector de captura electrónica e espectrometría de masas.

4. RESULTADOS E DISCUSIÓN

O INTECMAR dispón dos Informes de Ensaio asociados ós ensaios cuantitativos para os que está acreditado por ENAC (Entidade Española de Acreditación).

En ningunha das mostras analizadas no ano 2017 sobrepasáronse os niveis establecidos para estes compostos en molusco bivalvo, cumpríndose os parámetros de calidade no 100% das mostras analizadas (Directiva 2013/39/UE). De acordo coa lexislación alimentaria (Regulamento UE, N° 1259/11), en ningunha das mostras sobrepásase o valor de 75 ng g⁻¹ (μ g/Kg) peso fresco para o Σ PCBs ICES-6.

Vilaxoán, 19 de decembro de 2017



Fdo. Nieves Carro Mariño

Xefa de Unidade de Organoclorados